



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>
Tel 610 616 968 - 600 699 293

Sr. Director Xeral de Emerxencias e Interior
XUNTA DE GALICIA
Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2019

FERNANDO LACACI BATRES como Presidente da Confederación de ANPAS GALEGAS en relación ao **ANTEPROXECTO DA LEI REGULADORA DO XOGO E APOSTAS DE GALICIA**

As asociacións de nais e pais galegos estamos especialmente preocupadas pola actual incidencia do xogo na poboación adolescente; unha realidade que hai poucos anos estaba reservada a persoas adultas, e a espazos restrinxidos ou de acceso controlado, aparece agora poboando os anuncios nos medios de comunicación escrita, os espazos publicitarios da televisión en calquera horario, practícase nos lugares antes destinados ao xogo electrónico, está presente nos establecementos de hostalería, e invade o ámbito da vida dixital, na que a poboación adolescente está totalmente presente a través dos dispositivos móbiles.

Os cambios sociais precisan respostas da organización social, nomeadamente da representación política formal, do poder lexislativo, e do executivo, que deben artellar un xeito de que as novidades participen da convivencia, e deben ser o freo para que situacións que se desenvolven por unha intencionalidade exclusivamente comercial non sexan prexudiciais para o conxunto social, e sobre todo para a mocidade, como grupo con dereito a unha especial protección.

E certo que se precisa unha nova normativa do xogo, que atenda ás novas realidades que se viñeron sumar ás situacións clásicas, fundamentalmente se falamos de xogo en liña, ou de apostas, sen descoidar as prácticas tradicionais. Pero esa normativa non pode limitarse a considerar o xogo como un “sector máis da actividade económica... influído en gran medida pola innovación tecnolóxica, e cunha elevada transcendencia para a Comunidade Autónoma Galega tanto dende o punto de vista económico e tributario como social”; precisamente esa última palabra é a que debe encabezar o modelo de regulación que se pretende: tratemos o xogo primeiro como unha situación social, defendendo á sociedade dos seus indiscutibelmente negativos efectos, nomeadamente -



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

de novo o dicimos- na mocidade, e logo, cando estea minimizado o seu potencial negativo, é cando debe aparecer a regulación administrativa e o aproveitamento económico e tributario.

Por todo iso, presentamos as seguintes **alegacións**:

1.- A **exposición de motivos** fai diversas alusións á necesidade de que a regulación sobre a actividade de xogo estableza mecanismos que ofrezan seguridade ás persoas participantes, garante a protección das persoas menores de idade ou de quen o precise por motivos de saúde; pero so fai esa referencia como razoamento para xustificar o réxime de autorización previa para o acceso e o exercicio de actividades económicas, como consecuencia da aplicación do principio do interese xeral. Botamos en falta que xa no inicio da norma, onde se sentan os principios básicos que a inspiran, e se fixan os bens xerais que pretenden defenderse, non haxa unha referencia específica das implicacións sociais, e das consecuencias sanitarias que converten ao xogo nun problema senlleiro de saúde pública, nomeadamente entre as persoas menores de idade. Tal e como está a ser constantemente reiterado nos informes do Plan Nacional sobre Drogas, ou a propia Organización Mundial da Saúde.

A declaración de intencións da norma debera ser, para se comprometer coa mensaxe de “especial protección da saúde e seguridade das persoas consumidoras dos xogos” moito máis explícita e desagregada, iniciando a norma coa exposición da problemática que o xogo causa, e co compromiso formal da Xunta de Galicia no coidado e atención desa problemática, moi por riba da organización administrativa e da potestade recadadora que o xogo tamén trae á luz.

2.- **Obxecto**: consideramos que o obxecto da Lei debera ser a protección da sociedade, específica e nomeadamente a protección da mocidade, das prácticas comerciais do xogo organizado, e o establecemento dunha contorna controlada na que as persoas xogadoras puideran desenvolver a súa actividade dun xeito privado, sen que esta puidera desenvolverse en espazos públicos nos que puidera acceder -sexa constante ou ocasionalmente- unha persoa menor de idade, nin que puidera visualizarse exteriormente a existencia destes lugares restrinxidos.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

3.- **Publicidade:** dende a perspectiva do xogo como unha realidade negativa para a sociedade, valoramos que a única publicidade que cabería sería a que puidera darse dentro dos propios espazos destinados ao xogo, e que só fose accesible para aqueles que accederan a eles logo de asegurarse da súa idoneidade para o acceso.

Non entendemos a publicidade “suxeita a autorización previa”, xa que consideramos que non debera estar autorizada en senso absoluto, pero moi especificamente:

- A referencia á non emisión de publicidade na radio ou televisión durante a emisión de “programas ou espazos especialmente dirixidos ao público infantil” obvia a realidade social actual; a radio e a televisión son presenza permanente nas casas galegas, nos espazos destinados á restauración, ata nas salas de agarda clínicas; nós entendemos que en radio e televisión nunca debera permitirse publicidade sobre o xogo, xa que a presenza de menores é sempre posible, mesmo ás horas da madrugada. É certo que os menores de idade non deberan estar diante da televisión ou da radio a altas horas, pero non é menos certo que é moito máis doado prohibir a emisión de publicidade perigosa, antes que entrar na intimidade das vivendas galegas para garantir que non hai menores conectados.
- A referencia á publicidade “meramente informativa” do xogo na prensa escrita, “ata que teña lugar o correspondente desenvolvemento regulamentario”, é unha redacción covarde, máis aínda cando sabemos que en moitas ocasións ese desenvolvemento vese retrasado durante amplos períodos. Demandamos que calquera publicidade do xogo na prensa escrita se prohiba dende a entrada en vigor da norma, sen excepcións.
- Especial atención debe poñer a administración lexisladora na atención da publicidade en eventos deportivos, culturais, ou lúdicos dirixidos ao público en xeral: sabemos que non hai mellor reclamo que vencellar unha adicción cunha práctica agradable; e así o vemos na publicidade: xente coñecida, maiormente do ámbito deportivo, que xoga mentres descansa nunha hamaca, ou nunha brincadeira cuns amigos, o xogo asociado a unha festa, á celebración dun resultado, ou ao logro de éxito social. Para as nais e pais galego, as prácticas que deben desenvolverse en positivo para a educación da nosa mocidade, o deporte, a



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

cultura, as foliadas que facilitan a convivencia e a participación, deben estar especificamente exentas na norma de calquera referencia ao xogo, a calquera tipo dos xogos dos que se fala no anteproxecto.

- Publicidade positiva: valoraríamos positivamente a imposición da obriga nas radios e televisións, públicas e privadas, para a organización de campañas en positivo, que alerten dos riscos do xogo, das adicións, ludopatía, exclusión social, deterioro da vida familiar, abandono de fogar, e calquera outra consecuencia negativa da tantas como o xogo ten

4.- **XOGO RESPONSÁBEL**: nós non cremos que exista máis xogo responsable, no contexto deste anteproxecto, que aquel que non se realiza; o xogo é unha actividade sa e agradable en tanto non se mestura co obxectivo económico, máis aínda cando ese obxectivo está organizado para supoñer ganancia comercial a empresas que, a fin de contas, están a obter o seu beneficio das perdas económicas dos seus clientes.

Pero dito isto, quixeramos que a nova Lei, que fai constante referencia a ese “xogo responsable”, tivera tamén unha definición concreta sobre o que significa, como se consegue chegar a esa situación ideal, cales van ser as liñas de traballo administrativo para chegar a esa conciencia de responsabilidade, cal vai ser a información necesaria que se lle fai facilitar ás persoas xogadoras para que practiquen ese tipo de xogo, e cales van ser tamén as políticas de defensa de actuacións que fomenten a ludopatía, as condutas economicamente irresponsábeis, ou as prácticas de abandono social.

Xogo responsable é só un termo bonito se non se complementa cos medios concretos, reais e orzamentariamente medíbeis, que nos digan como chegar a ese coñecemento, e canto se vai comprometer a Administración da Xunta de Galicia, por escrito e como parte do texto legal, en traballar nesa liña. Do contrario é un termo baleiro e estéril.

5.- **UBICACIÓN DAS SALAS DE XOGO**: rexeitamos totalmente a exigua limitación de 150 metros dos accesos de entrada ou saída de centros oficiais que impartan ensinanza regradas, requirimos que esa distancia sexa moi superior, canto menos de 500 metros, e que se amplíe esta limitación para calquera espazo no que de acotío transita a mocidade: áreas de lecer infantís e xuvenís, centros comerciais, instalacións deportivas, etc.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Igualmente requirimos que esa limitación de distancia sexa aplicada a todas as instalacións que poidan facilitar a práctica do xogo ou das apostas, moi especialmente as máquinas de apostas deportivas pola súa especial incidencia na poboación adolescente, e facemos especial fincapé en que esa prohibición afecte aos locais de hostalería -que teñan estes dispositivos- situados nese ámbito de especial protección.

6.- **ACTIVACIÓN REMOTA:** ao igual que ocorre coas máquinas expendedoras de tabaco, consideramos que as máquinas de xogo ou apostas que se sitúen fóra dos locais especificamente destinados ao xogo, e moi nomeadamente as instaladas en locais de hostalería, precisen da activación remota por parte do persoal encargado do local.

7.- **SALÓNS DE XOGO e TENDAS DE APOSTAS:** demandamos que a referencia ao servizo de control de acceso nestas instalacións se desenvolva coa determinación de como debe ser este control, e cales serán os rexistros necesarios que deberá conservar a empresa autorizada para que a Administración poida controlar en todo momento quen son as persoas usuarias dos locais. Concretamente demandamos que dispoñan dun control que valide automaticamente a maioría de idade da súa clientela, así como o feito de non estar incluído no Rexistro de Prohibidos de acceso ao xogo; requirimos tamén que dispoñan de persoal de control de acceso con acreditación profesional, e que estean obrigados a exhibir cartelería explícita das limitacións de acceso legais.

8.- **ESPAZOS DE APOSTAS:** rexeitamos totalmente a posibilidade de que nos recintos deportivos e feirais poidan autorizarse espazos de apostas; e pensamos que é unha mala práctica normativa mesturar estes recintos en igualdade de condicións cos casinos, salas de bingo ou salóns de xogo.

Os recintos deportivos e feirais son lugares de elevada presenza xuvenil, polo que deben ser espazos especialmente protexidos das prácticas do xogo e as apostas.

9.- **OUTROS LOCAIS:** parécenos especialmente perigosa a exigua regulamentación que se fai no artigo 39, nos establecementos de hostalería e “locais análogos” (sen definir) accede ao xogo e ás apostas a meirande parte da poboación xuvenil, e dificultar ese



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

acceso debiera ser un dos obxectivos desta norma; á parte do xa indicado no apartado da activación remota, pensamos que debe garantirse que mesmo nesas locais haxa unha responsabilidade de comprobación do non uso por parte de menores, que as máquinas de xogo ou apostas estean en completo silencio, e situadas de xeito que as súas luces non sexan visíbeis para a meirande parte da clientela do local.

10.- VIXENCIA E RETROACTIVIDADE: rexeitamos tamén o que se establece nas disposicións transitorias en canto á excepción de cumprimento da norma para aqueles establecementos con autorización vixente. Entendemos que é posíbel fixar un período de adaptación, que entendemos que debe ser moi breve, non máis de seis meses, pero esiximos o cumprimento xeral da norma para todas as empresas do sector. Non comprendemos como se pode establecer unha normativa a futuros, baseada na defensa dun interese xeral, e ao mesmo tempo consolidar a situación presente que ataca ese mesmo interese, presuntamente defendido pola nova norma.

11.- Distancias entre establecementos de xogo e centros de ensinanza: rexeitamos totalmente a disposición transitoria cuarta, tanto no seu punto un, tal e como indicamos no parágrafo anterior, como no segundo; a Administración debe comprometerse a non edificar, nin permitir que se edifique, ningún centro de ensino ou de rehabilitación dentro das distancias protexidas. E se xa existe un establecemento de xogo non poderían darse permisos, e así debe establecelo a norma, que posibiliten esa convivencia.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

12.- **DEMANDAS NORMATIVAS:** consideramos que o anteproxecto, tal e como dixemos no inicio destas alegación, fai moi poucas referencias ao que debera ser o seu obxecto principal: a protección da sociedade, nomeadamente da mocidade, contra as prácticas de xogo, nesa liña, cremos que a norma debería incluír articulado sobre:

- **PREVENCIÓN:** a norma debería especificar como se vai protexer aos colectivos máis precarios, especialmente persoas adictas e incapacitadas, e por suposto menores de idade; tería que deixar definido o que debera ser un principio xeral de cooperación con outras administracións, fundamentalmente as que se encarguen dos eidos social, sanitario e educativo, para a promoción e desenvolvemento de campañas escolares, familiares e xuvenís, que informen e poñan en valor os principios do non-xogo -no canto do termo “xogo responsable”- , e as nefastas consecuencias persoais e sociais destas prácticas.
- **CREACION DE ÓRGANOS DE CONTINUIDADE:** é necesario que a sociedade se dote de organismos de consulta e discusión sobre a realidade do xogo en Galicia; propoñemos a consolidación, e definición na Lei, dun Observatorio Galego do Xogo, no que participemos as diferentes organizacións voluntarias e profesionais que podemos vernos afectadas por esta problemática crecente.
- **DESENVOLVEMENTO REGULAMENTARIO:** cremos necesario que o constante recurso da norma ao desenvolvemento regulamentario posterior teña tamén incluída a obriga para a Administración Galega de realizar ese desenvolvemento nun prazo máximo indicado na norma, e que nós pensamos que debe ser non superior a seis meses, coa finalidade de evitar a indefinición e baleiros normativos.
- **RECURSOS ASISTENCIAS PARA A ASISTENCIA Á LUDOPATÍA E ÁS SITUACIÓNS PREVIAS:** cremos que a Lei debera contemplar a dotación de recursos para a posta en marcha, inmediatamente, de programas de atención ás situacións de ludopatía, implicando a todos os sectores sociais, e tamén ao propio empresariado do sector do xogo, para poder chegar a facer un traballo de detección que permita abordar este problema dende os estadios iniciais.